

Vigo a 7 de setembro de 2024

No marco da celebración da semana europea da actividade física na cidade de Vigo e dentro das actividades previstas polo concello, a federación Galega de Atletismo organiza a carreira popular o sábado día 28 de setembro as 10:00 horas con saída na confluencia de porta do sol coa rúa Elduayen.

Regulamento:

1-Data:

A proba celebrarase o sábado 28 de setembro as 10:00 h.

2-Saída e meta:

Tanto a saída coma a meta da proba estará situada na porta do sol o inicio da rúa Elduayen.

3.- Participantes:

Nesta proba poderán participar todas aquelas persoas que o desexen, estean ou non federadas. Non haberá clasificación da mesma por tratarse dunha proba **NON COMPETITIVA**. O control da carreira estará a cargo do comité galego de xuices da Federación Galega de Atletismo. Os/as participantes deberán cumprir coas condicións de participación e inscrición reflectidas no presente regulamento.

4.- Inscricións, prazos e prezos:

A inscrición será gratuíta e poderase facer ata o venres día 27 de setembro as 14:00 horas na páxina www.carreirasgalegas.com.

5.- Horarios, distancias aproximadas e Categorías:

Pola condición de carreira non competitiva non se establecen categorías na mesma.

6- Percorrido e distancia.

DISTANCIA: 4 km aprox.(1 volta completa o percorrido).

PERCORRIDO: Saída da Porta do Sol, Elduayen, Pobladores, San Francisco, Ribeira de Beiramar, Teófilo Llorente, Mestre Mateo, Cánovas del Castillo, Carral, Victoria, Arenal, Serafín Avendaño, Rosalía de Castro, García Barbón, Colón, Marqués de Valladares, Fermín Penzol, plaza da Princesa, Porta do sol para chegar novamente o punto de saída

7.- Recollida de dorsais :

A recollida de dorsais realizarase o mesmo día da proba dende as 08:45 horas ata as 09:45 horas na porta do sol.

8.- Outras disposicións regulamentarias:

Non está permitido o acompañamento na proba por ningún vehículo alleo á organización, nin bicicletas, patíns ou persoas NON inscritas que poidan acompañar, avituallar ou marcar ritmos aos participantes.

SERVIZOS MÉDICOS

A organización contará cos servizos médicos obrigatorios, dotando de ambulancia na zona de saída/meta. Os servizos médicos e o Xuíz Árbitro da competición están facultados para retirar da proba a calquera participante que manifeste un mal estado físico durante o desenvolvemento da mesma.

SEGUROS

Todos os participantes estarán amparados por unha póliza de Responsabilidade Civil e Accidentes Deportivos, que cubrirá os accidentes que se produzan como consecuencia directa do desenvolvemento da proba. Quedan excluídos os casos derivados dun padecemento latente, imprudencia ou inobservancia das leis, da normativa da competición, etc. Tamén quedan excluídos os casos producidos polo desprazamento ao lugar da proba ou desde o mesmo. A inscrición implica ler, entender e adquirir o compromiso que a continuación se expón: Afirmo que estou en bo estado físico para a disputa da proba, eximindo de toda responsabilidade que da participación no evento puidese derivarse neste censo á organización, patrocinadores comerciais ou sponsors, empregados e demais membro da organización. Coa realización da inscrición, todo participante cede os seus dereitos de imaxe á organización, que utilizará as imaxes de acordo coa Lei de Protección de Datos.

ACEPTACIÓN DO REGULAMENTO

Todos os participantes, polo feito de inscribirse e tomar a saída na carreira, aceptan o presente REGULAMENTO, e no caso de dúbida ou de xurdir algunha situación non prevista no mesmo, resolverase de acordo ao que dispoña o Comité Organizador e polas normas da FGA, RFEA e World Athletics, por esta orde, en vigor.

LOPD

Todos os corredores/as ó realizar a inscrición aceptan a publicación do seu nome e imaxe na páxina de inscricións, medios de comunicación e/ou internet.

NOTA:

Esta proba pertence ao Calendario Oficial da FGA e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil así como a xestión da licencia de día de ranking popular e probas de ruta. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo, Complexo Deportivo de Elviña Praza Agustín Díaz, s/n – Salas 15 – 16 – 17, 15008 A Coruña.